Subvencións Concorrenncia + Rede Cultural Concellos + Entidades+ Merca na Vila		50.317.103,55	70.984	20,92
Subvención concorrenncia outros Entes de dereito público		1.207.128,80	30	0,50
Transferencias correntes		5.366.701,26	1	2,23
Asignacións a Grupos Políticos		279.747,12	4	0,12
Bolseiros Prácticas		0,00	0	0,00
Bolsas		704.001,84	116	0,29
Premios		903.597,00	157	0,38
Total acción de fomento 2025	240.500.000,00	205.939.209,85	72.390	85,63

As **achegas aos concellos** recóllense na seguinte táboa na que se inclúen tanto as achegas aos Plans Provinciais, como as subvenciones nominativas e de concorrenncia competitiva, así como os importes asignados aos Consorcios e a outras entidades de dereito público, dependentes dos concellos.

Compáranse estes datos co orzamento inicial da Deputación da Coruña para a anualidade 2025.

Orzamento inicial 2025	240.500.000,00	Importe	% s/ orzamento inicial
Plans		135.938.051,81	56,52
Nominativas Concellos (inclúe Consorcios e outros entes dependentes)		8.099.964,04	3,37
Concorrenncia + Rede Cultural Concellos (inclúe entes dependentes)		21.084.656,81	8,77
Total acción de fomento Concellos 2025		165.122.672,66	68,66

Desagregación Concellos +Entes dependentes 2025	
Concellos	162.503.543,86 €
Entidades dependentes Concorrenncia	551.500,00 €
Entidades dependentes Rede Cultural	25.628,80 €
Entidades dependentes Nominativas	2.042.000,00 €
TOTAL CONCELLOS + EE DEPENDENTES	165.122.672,66 €

Entes dependentes incluídos no importe das nominativas de Concellos:

Concepto	NIF	Tercero	Concedido
Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2025	(P6503001G)	CONSORCIO PARA PROMOCION MUSICA DE LA CORUÑA	1.500.000,00
Programa de actividades do ano 2025	(Q1500340C)	AUDITORIO DE GALICIA	300.000,00
DESENVOLVEMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DENTRO DO FESTIVAL NOROESTE 2025	(Q1500358E)	INSTITUTO MUNICIPAL LA CORUÑA ESPECTACULOS	242.000,00
Total			2.042.000,00

Os importes totais percibidos por cada un dos Concellos da provincia por toda a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no exercicio 2025 se relacionan no **Anexo 14**

Non obstante, un ano máis é preciso ter en consideración as renuncias as subvencións outorgadas, cuxo volume ten unha importancia relevante.

As anulacións contabilizadas no exercicio 2025 en concepto de perdas de dereito e renuncias, así como de economías por menores xustificacións foron as seguintes :

EXERC.	CAPITULO 4			CAPITULO 7			TOTAIS		
	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAL CAP.4	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAL CAP.7	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAIS
2020	1.305.440,51	1.922.950,35	3.228.390,86	1.284.066,45	1.036.227,03	2.320.293,48	2.589.506,96	2.959.177,38	5.548.684,34
2021	2.888.593,00	1.128.171,45	4.016.764,45	785.024,02	888.333,01	1.673.357,03	3.673.617,02	2.016.504,46	5.690.121,48
2022	2.217.706,35	2.519.829,12	4.737.535,47	533.327,56	1.689.668,89	2.222.996,45	2.751.033,91	4.209.498,01	6.960.531,92
2023	2.452.758,23	3.260.785,83	5.713.544,06	464.091,08	2.077.145,20	2.541.236,28	2.916.849,31	5.337.931,03	8.254.780,34
2024	2.378.435,72	2.521.439,35	4.899.875,07	901.955,41	2.687.257,35	3.589.212,76	3.280.391,13	5.208.696,70	8.489.087,83
2025	2.586.010,37	2.491.742,54	5.077.752,91	645.944,34	2.052.571,68	2.698.516,02	3.231.954,71	4.544.314,22	7.776.268,93
TOTAIS	13.828.944,18	13.844.918,64	27.673.862,82	4.614.408,86	10.431.203,16	15.045.612,02	18.443.353,04	24.276.121,80	42.719.474,84

Polo que se refire ao número de expedientes que se viron afectados, foron os que se indican:

EXERC.	NUMERO EXPEDIENTES CAPITULO 4			NÚMERO EXPEDIENTES CAPITULO 7			TOTAIS		
	ECONOMIAS	PERDAS DEREITOS	TOTAL CAP.4	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAL CAP.7	ECONOMIAS	PERDAS DEREITO	TOTAIS
2020	464	235	699	244	136	380	708	371	1079
2021	553	197	750	209	104	313	762	301	1063
2022	570	342	912	190	199	389	760	541	1301
2023	744	489	1233	278	241	519	1022	730	1752
2024	660	406	1066	329	223	552	989	629	1618
2025	698	437	1135	254	140	394	952	577	1529
TOTAIS	3.689	2.106	5.795	1.504	1.043	1.601	5.193	3.149	8.342

En canto as porcentaxes que estas anulacións representan sobre a totalidade da acción de fomento da Deputación para o exercicio 2025, son as que se sinalan:

EXERCICIO	TOTAL ACCION FOMENTO	ECONOMIAS	% S/ACCION FOMENTO	PERDAS DEREITO	% S/ACCION FOMENTO	TOTAIS	%S/ACCION FOMENTO
2020	108.304.680,57	2.589.506,96	2,39	2.959.177,38	2,73	5.548.684,34	5,12
2021	154.965.513,80	3.673.617,02	2,37	2.016.504,46	1,30	5.690.121,48	3,67
2022	155.300.089,99	2.751.033,91	1,77	4.209.498,01	2,71	6.960.531,92	4,48
2023	150.849.526,10	2.916.849,31	1,93	5.337.931,03	3,54	8.254.780,34	5,47
2024	165.737.525,21	3.280.391,13	1,98	5.208.696,70	3,14	8.489.087,83	5,12
2025	205.939.209,85	3.231.954,71	1,57	4.544.314,22	2,21	7.776.268,93	3,78
TOTAIS	941.096.545,52	18.443.353,04	1,96	24.276.121,80	2,58	34.943.205,91	3,71

VIII.- CONSIDERACIÓN FINAIS

VIII.1.- CONSIDERACIÓN SOBRE A ACCIÓN DE FOMENTO NO ANO 2025 A FAVOR DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

VIII.1.a).- O Plan Único de Obras e Servizos (POS+).

No exercicio 2025 os importes concedidos aos concellos nos diferentes plans provinciais foron os seguintes:

TOTAL		
ACHEGA PROV	Nº	
POS+ ACHEGA 2025	33.557.470,10	189
POS+ ACHEGA 2024	32.619.228,19	184
SUBTOTAL POS+ 2025 BASE	66.176.698,29	373
POS+ AD1/2025 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	6.992.300,36	124
POS+ AD2/2025	28.798.889,91	261
POS+ AD3/2025	12.000.000,00	93
POS+ AD4/2025	21.970.163,25	157
SUBTOTAL PLANES ADICIONAIS	69.761.353,52	635
TOTAL APROBADO NO 2025	135.938.051,81	1008

A distribución do citado importe e a seguinte:

INVESTIMENTOS		GASTO CORRENTE		REDUCCIÓN DÉBEDA	
ACHEGA PROV	Nº PROXECTOS	ACHEGA PROV	Nº CONCELLOS	ACHEGA PROV	Nº CONCELLOS

POS+ ACHEGA 2025	16.185.807,47	127	17.371.662,63	62		
POS+ ACHEGA 2024	14.282.469,92	112	18.336.758,27	72		
SUBTOTAL POS+ 2025 BASE	30.468.277,39	239	35.708.420,90	134	0,00	0
POS+ AD1/2025 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	233.214,40	31	6.759.085,96	93		
POS+ AD2/2025	28.798.889,91	261				
POS+ AD3/2025			1.872.692,43	17	10.127.307,57	76
POS+ AD4/2025	10.457.963,37	96	11.168.561,51	58	343.638,37	3
SUBTOTAL PLANES ADICIONAIS	39.490.067,68	388	19.800.339,90	168	10.470.945,94	79
TOTAL APROBADO NO 2025	69.958.345,07	627	55.508.760,80	302	10.470.945,94	79

Neste punto compre comparar os datos do POS 2024 cos de 2025 .A estes efectos, se recorda que o resumo dos datos do dito exercicio foron os seguintes :

TOTAL		
ACHEGA PROV		Nº
POS+ ACHEGA 2024	24.486.222,85	135
POS+ ACHEGA 2023	18.997.483,23	184
SUBTOTAL POS+ 2024 BASE	43.483.706,08	319
POS+ AD1/2024 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	6.994.799,96	127
POS+ AD2/2024	45.898.548,32	342
POS+ AD3/2024	4.000.000,00	93
SUBTOTAL PLANES ADICIONAIS	56.893.348,28	562
TOTAL APROBADO NO 2024	100.377.054,36	881

No exercicio 2024 o incremento con respecto ao 2023 alcanzou un importe de 11.808.650,28€ con respecto a 2023, o que supuxo unha porcentaxe do 13,3328 % .

Da comparativa dos datos do exercicio 2025 con respecto aos de 2024 arroxa un incremento de 35.560.997,45€, o que supón un incremento do 35,4274%.

Do antedito se deriva que o incremento dos fondos aportados ao POS+ se incrementaron, en dous anos, un total de 47.369.647,73€, é dicir un 53,4836% con respecto ao 2023 onde a achega total foi de 88.568.404,08€, e o número de expedientes tramitadas pasou de 587, no 2023 a 1008 no 2025.

Polo que respecta ao préstamo, se recollen a continuación o resumen da situación do total solicitado polos concellos da provincia, así como o pendente de amortizar :

PLAN	Total Importe solicitado	Amortización anterior a 31/12/2023	Importe amortizado co POS+2024	Importe amortizado co POS + Ad 3/2024	Importe amortizado POS+ Ad3/2025	Pendente de amortizar a 31/12/2025
POS PRÉSTAMO	71.818.920,30	762.703,34	77.002,36	3.376.540,52	10.127.307,57	57.475.366,51

Dúas circunstancias acaecidas na tramitación e execución do POS+ requiren unha reflexión e adecuada na regulación nas futuras Bases reguladoras :

- A non adopción polos Plenos das Corporacións municipais dos acordos necesarios en tempo e forma.
- As demoras na execución das obras programadas.

No ano 2017 aprobouse o POS+2017 cunhas bases que introducen importantes novidades en relación cos Plans de anos anteriores coa intención de acadar unha serie de finalidades previamente expostas materializadas na necesidade de reducir o número de plans de colaboración cos concellos, o que comportará a racionalización e obxectivación de dita colaboración, así como a simplificación das tarefas administrativas, tanto dos concellos como da Deputación. Así mesmo, trátase de incrementar a autonomía municipal e facilitar a planificación dos concellos e axudar a redución do seu endebedamento.

O POS+ e un plan dinámico, xa que pode ver incrementada a súa dotación orzamentaria ao longo do ano en función das dispoñibilidades orzamentarias da Deputación. Por outra banda, tamén é susceptible de adaptarse as necesidades concretas dos concellos sen as limitacións impostas por anteriores accións de fomento.

O dinamismo deste Plan demóstrase á vista dos datos postos de manifesto ao longo do presente informe, dos que se deriva un incremento nos fondos dedicados , segundo se indica na seguinte táboa:

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS		
	IMPORTE	INCREMENTO DOTACIÓN EN EUROS	%INCREMENTO
2012	38.434.327,95 €	- €	
2013	24.820.625,69 €	- 13.613.702,26 €	64,5793
2014	43.672.157,70 €	18.851.532,01 €	75,9511
2015	46.412.246,46 €	2.740.088,76 €	6,2742
2016	75.014.480,90 €	28.602.234,44 €	61,6265
2017	80.453.821,56 €	5.439.340,66 €	7,2511
2018	91.210.644,81 €	10.756.823,25 €	13,3702
2019	92.275.815,14 €	1.065.170,33 €	1,1678
2020	56.258.693,88 €	- 36.017.121,26 €	-39,0320
2021	83.939.073,89 €	27.680.380,01 €	49,2020
2022	86.652.395,89 €	2.713.322,00 €	3,2325
2023	88.568.404,08 €	1.916.008,19 €	2,2111
2024	100.377.054,36 €	11.808.650,28 €	13,3328
2025	135.938.051,81 €	35.560.997,45 €	35,4274
TOTAIS	908.089.742,31 €	97.503.723,86 €	

O informe do Consello de Contas denominado "Anteproxecto do informe de seguimento de recomendacións. Exercicio 2020-2021 " recolle un conxunto de Recomendacións que a Corporación debe analizar e valorar. (**Anexo 19**).

VIII.1.b).- Consideracións sobre as convocatorias en réxime de publicidade e concorrência.

Nos anos 2012 a 2025 tramitáronse 226 convocatorias de subvenciones finalistas a favor de concellos da provincia en réxime de concorrência, coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv.
2012	16
2013	16
2014	18
2015	21
2016	23
2017	12
2018	12
2019	13
2020	14
2021	14
2022	14
2023	17
2024	17
2025	19
TOTAL	226

No **anexo 2** se inclúe o listado das convocatorias de 2025 .

Se as 19 convocatorias do 2024 dirixidas a Concellos (incluída a Rede Cultural) lle engadimos as 43 de Entidades (incluída a Rede Cultural de entidades), se conclúe que o total de convocatorias aprobadas no exercicio 2025 foi de 62 convocatorias.

Así mesmo, débese sinalar que das 19 convocatorias aprobadas para os Concellos, en doce delas se financian exclusivamente gastos de persoal, e en outra se financian gastos de persoal e outro tipo de gastos non relacionados cos de persoal.

Nos exercicios 2012 a 2025 o número de expedientes tramitados nos distintos eixos da acción de fomento dirixidas a Concellos, foi 38.510 o que dá unha idea aproximada dos custos de xestión que implican para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión, xustificación parcial e total, pagos anticipados e finais, reintegros. Actividades todas elas que requiren dunha documentación específica, de informes e propostas preceptivas e das correspondentes resolucións, notificacións e publicacións.

EXERCICIO	Nº EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2025				
	PLANS PROVINCIAIS	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL
2012	480	1.026	62	748	2.316
2013	256	1.149	150	632	2.187
2014	477	1.310	206	765	2.758
2015	365	1.522	63	796	2.746
2016	838	1.516	84	952	3.390
2017	756	558	76	1.149	2.539
2018	885	567	57	1.217	2.726
2019	825	608	47	1.159	2.639
2020	606	654	23	1.264	2.547
2021	737	741	22	2.398	3.898
2022	831	677	77	1.239	2.824
2023	587	555	34	1.196	2.372
2024	881	622	32	1.163	2.698
2025	1.008	650	37	1.175	2.870
TOTAIS	9.532	12.155	970	15.853	38.510

A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia, o que require da necesaria coordinación nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvencionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.
- Na homoxeneización da tramitación administrativa requirida dos destinatarios : solicitude e documentación xustificativa.

O importe da subvención media do período 2012-2025 a favor dos concellos, ascendeu a 36.170.87€ coa distribución que se indica na seguinte táboa:

EXERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2025				
	PLANS PROVINCIAIS	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL
2012	80.071,52	12.461,62	72.893,55	868,48	24.347,57
2013	96.955,57	8.986,40	75.673,75	998,69	21.549,26
2014	91.555,89	9.740,27	86.385,46	990,76	27.188,27
2015	127.156,84	9.480,90	111.594,74	975,59	24.999,71
2016	89.516,09	12.176,06	90.506,57	1.067,33	30.115,64
2017	106.420,40	21.401,88	86.199,11	1.132,70	39.483,53
2018	103.062,88	25.547,21	95.279,64	1.246,48	41.322,02
2019	111.849,47	24.660,27	123.647,32	1.339,80	43.438,24
2020	92.836,13	38.007,78	91.870,18	1.009,85	33.178,35
2021	113.892,91	34.158,32	196.192,92	1.170,43	29.854,62
2022	104.274,84	26.404,98	111.549,82	1.195,81	40.580,56
2023	150.883,14	33.254,46	159.243,25	1.241,84	48.028,73
2024	113.935,36	30.713,68	103.056,51	1.277,58	46.058,04
2025	134.859,18	29.253,18	163.728,76	1.270,61	56.621,44
TOTAIS	109.528,72	19.317,14	98.846,41	1.150,03	36.170,87

No que se refire, especificamente , as convocatorias do PEL, a evolución dos expedientes tramitados nas ditas convocatorias dirixidas a concellos dende o 2020 ao 2025,son os seguintes:

EXERCICIO	PEL CONCELLOS	PEL REACTIVA(COVID)	PEL ORQUESTAS E VERBENAS	PEL REDE COWORKING	TOTAIS
2020	82	88	0	0	170
2021	82	0	0	0	82
2022	89	0	79	0	168
2023	91	0	0	7	98
2024	92	0	0	7	99
2025	91	0	0	8	99
TOTAIS	527	88	79	22	716

En canto aos importes concedidos aos concellos no dito período, os datos son os que se indican a continuación:

EXERCICIO	PEL CONCELLOS	PEL REACTIVA(COVID)	PEL ORQUESTAS E VERBENAS	PEL REDE COWORKING	TOTAIS
2020	2.986.902,41	9.949.470,39	0,00	0,00	12.936.372,80
2021	5.985.174,00	0,00	0,00	0,00	5.985.174,00
2022	3.338.987,63	0,00	623.541,75	0,00	3.962.529,38
2023	3.493.637,79	0,00	0,00	117.455,81	3.611.100,60
2024	3.547.620,15	0,00	0,00	170.101,56	3.717.721,71
2025	3.490.856,84	0,00	0,00	142.703,77	3.633.560,61
TOTAIS	22.843.178,82	9.949.470,39	623.541,75	430.261,14	33.846.459,10

(*) PEL CONCELLOS : Carácter extraordinario o incremento de 3.000.000,00€ para o ano 2021.
PEL REACTIVA : Carácter extraordinario Gastos COVID para o ano 2020.
PEL ORQUESTAS E VERBENAS : Carácter extraordinario da convocatoria para o ano 2022

En determinadas convocatorias só poden participar aqueles concellos que prestan os servizos aos que van destinadas as subvencións (por exemplo, conservatorios e escolas de música, limpeza de praias); outras, teñen por finalidade contar co persoal adecuado para a prestación do servizo (persoal técnico nos servizos municipais de cultura, deporte ou normalización lingüística). A este respecto hai que sinalar diversos comentarios relevantes:

- Os concellos deben contar co persoal que require a prestación ordinaria dos servizos da súa competencia, adecuadamente identificado a través da preceptiva relación de postos de traballo.
- A contratación de persoal laboral temporal ou funcionario interino está sometida ás condicións e límites recollidos na normativa de xeral aplicación ás entidades locais, que non deberían deixarse de aplicar pola acción de fomento doutras Administracións Públicas.
- Nalgunhas áreas (persoal das oficinas de turismo ou persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, por exemplo) estanse a encadear contratos laborais ou nomeamento de persoal interino, de duración determinada, ano tras ano, que non responden a necesidades conxunturais si non a circunstancias estruturais e a necesidades permanentes.
[Ademais](#), obsérvase unha tendencia á laboralización do emprego público local nas áreas vencelladas a actividades que non se desenvolven proporcionalmente durante todo o ano ([socorrismo](#), turismo, escolas de música e danza ou persoal dos oficios). Nestes casos incluso se acude á externalización dos servizos contratando a empresas que proporcionan o persoal ós concellos, non establecendo una relación directa entre o persoal e a entidade local.
- As subvencións finalistas outorgadas non deberían contribuír a manter a situación de posible incumprimento das normas de xeral aplicación, mantendo unha situación de precariedade continuada.
- Polas razóns expostas, os recursos provinciais deberían favorecer á consolidación ou estabilización dos postos de traballo dos concellos que son obxecto de subvencións provinciais finalistas para a contratación de persoal, e que respondan a necesidades estruturais destes, de acordo cos servizos e competencias municipais que xestionan.

En todo caso resulta necesario recordar que a forma normal de cooperar cos concellos da provincia é a través dun Plan Provincial de obras e Servizos, se é posible único, baseado en criterios obxectivos, que teña en conta a Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local e a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios, nos que estes participen na súa elaboración, aprobación e execución. Todo iso de conformidade co establecido no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, no artigo 36 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 110 a 112 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia. Os concellos poden acudir á liña de financiamento de gastos correntes dos servizos municipais mínimos que figura no POS+.

VIII.1.c).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a favor de concellos.

Ao longo do exercicio 2025 tramitáronse 37 subvencións nominativas dirixidas a concellos da provincia por un importe total de 6.057.964,04 €. Faise constar que o importe concedido no exercicio 2025 é un 83,6966 % superior ao concedido en 2024 (3.297.808,46€ e 32 subvencións).

Como se ven indicando de forma reiterada por esta Intervención provincial só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas

normas de xeral aplicación, na Ordenanza provincial de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pódese xustificar a excepción a xeral aplicación dos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Esta circunstancia excepcional non foi acreditada, a xuízo deste servizo de fiscalización provincial na práctica totalidade dos expedientes tramitados, nos que se emitiu o preceptivo informe de fiscalización con reparos por entender que concorren as circunstancias expresadas no artigo 216.2.c do TRLRFL. (omisión de requisitos ou trámites esenciais) e por considerar que non concorren as condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións para xustificar o carácter nominativo das subvencións tramitadas.

Os informes críticos emitidos responden as seguintes circunstancias:

-O obxecto da subvención nominativa aprobada podía ser financiado a través do Plan Único de Obras e Servizos (POS) ou das convocatorias xerais aprobadas no exercicio dirixidas a concellos.

-O obxecto da subvención refírese a investimentos ou actividades de competencia municipal comúns a todos os concellos da provincia e nos expedientes non se acredita a excepcionalidade que concorre para o seu financiamento provincial singular.

-Non se acreditan os criterios obxectivos tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial e o coeficiente de financiamento resultante. Cuestión que resulta particularmente relevante se se toma en consideración os importes medios das subvencións outorgadas en concorrência e das concedidas con carácter nominativo.

En todo caso, aprobeitase esta ocasión para suxerir a tramitación dunha convocatoria de subvencións dirixidas a concellos para proxectos de singular interese provincial que non poidan incluírse no Plan Único de Obras e Servizos (POS) para que a través de criterios obxectivos se permita garantir os principios constitucionais de publicidade, concorrência, igualdade, non discriminación, obxectividade e interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

Debe insistirse en que a acción de fomento provincial dirixida aos concellos da provincia debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, entre os que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas administracións públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.

Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e así se acredite no expediente administrativo. En todo caso debe tomarse en consideración o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e no artigo 67.3 do Regulamento desta para motivar adecuadamente o outorgamento da achega provincial, a súa contía, o coeficiente de financiamento proposto e demais puntos recollidos na Ordenanza Provincial de subvencións e transferencias .

Finalmente, é necesario recordar o contido do Informe do Consello de Contas sobre os criterios de repartición de recursos entre Concellos a través dos Plans Provinciais e a eficiencia do gasto nas lexislaturas de 2003 a 2019, (**Anexo 18**) do que citamos, textualmente, os parágrafos que se indican:

- Últimos parágrafos da PAG 18

Respecto dos convenios de concesión directa de subvencións

"12.Dos convenios asinados nos exercicios en que se realizou a mostra, resulta que, pese a que debe ser un instrumento de carácter excepcional, representan o 44% do importe da achega da Deputación ao POS 2007; do 124% da achega para o exercicio 2010; do 50% da achega para o exercicio 2015 e do 12% para a exercicio 2017.

13.No relativo á xustificación das razóns para a celebración dos convenios, nos convenios obxecto da mostra a motivación da excepcionalidade límtase a incorporar na resolución de aprobación o contido xenérico de que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade realizada, polo que non se pode considerar como xustificada.

14.O obxecto dos convenios revisados é cooperar na prestación dun servizo municipal e conseguintemente, deberon ser incluídos nos POS."

- Primeiro parágrafo da PAG.65

"Como conclusión, cabe salientar que os convenios administrativos non poden ser un instrumento que permita eludir a inclusión dunha obra ou servizo no POS. A celebración de convenios cuxo obxecto puido financiarse no marco do POS ou doutros plans especiais que garanten a publicidade e concorrência competitiva, implica unha alteración no reparto efectivo dos fondos provinciais destinados a cooperación na prestación dos servizos municipais e a formalización dos mesmos non só vulnera os principios de concorrência, igualdade e non discriminación, senón que tamén vulnera o fin propio e específico da entidade de garantir o principio de solidariedade e equilibrio intermunicipal."

Nos informes preceptivos incorporados aos Expedientes de Modificación de Créditos tramitados, en los que se inclúen dotacións orzamentarias para a tramitación posterior de subvencións nominativas a Concellos, se incorpora a avaliación de ditas subvencións nominativas, e as diferenzas que resultarían da asignación dos seus importes con criterios contidos nas Bases do POS+.

Dita avaliación, en relación coas subvencións nominativas concedidas aos Concellos en 2024, presenta o resultado que se recolle no **Anexo 16**.

VIII.2.- CONSIDERACIÓNS SOBRE AS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS A ENTIDADES PÚBLICAS.

Entre as entidades de dereito público ás que se outorgaron subvencións nominativas no exercicio 2025 e en anos anteriores, figuran as Universidades Públicas que realizan actividades na provincia: Universidade de Santiago de Compostela (USC), Universidade da Coruña (UDC).

A reiteración e permanencia das subvencións outorgadas aconsella elaborar e aprobar un Programa específico de colaboración anual coas Universidades citadas no que se establezan obxectivos compartidos, criterios de asignación dos recursos provinciais, coeficiente de financiamento e demais elementos relevantes para a acción de fomento provincial. Neste apartado resulta especialmente ilustrativo o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026.

Por idénticas razóns propónse a elaboración e aprobación de proxectos singulares e excepcionais nos ámbitos de fomento da lingua galega ou outros que permitan incardinar as subvencións nominativas actuais a programas de subvencións en réxime de concorrência competitiva en condicións de publicidade e acordos cos principios xerais contidos na normativa reguladora das subvencións públicas.

VIII.3.- CONSIDERACIÓNS SOBRE A ACCIÓN DE FOMENTO NO ANO 2025 DIRIXIDA A ENTIDADES PRIVADAS.

VIII.3.a).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrência dirixidas a entidades sin ánimo de lucro.

Neste apartado resulta relevante recoller as consideracións singulares que se expoñen a continuación:

Na sesión do pleno que tivo lugar o día 28 de febreiro do 2020 aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2020-2022, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 104 do 9 de xullo. Desta forma deuse cumprimento ao establecido no artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións e nos artigos 10 a 15 do Regulamento para o seu desenvolvemento. No entanto, debe insistirse na necesidade de coordinación con outras Administracións públicas (Xunta e concellos) e na

de desenvolvemento e aplicación do Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia, que se acompaña como **Anexo 17** ao presente informe.

O Plan Estratéxico de Subvención da Deputación Provincial 2020-2022 foi prorrogado por acordo plenario do nº 61 do 22 de decembro de 2022. Así mesmo, foi novamente prorrogado para o exercicio 2024 por acordo nº 62 de 27/10/2023 (BOP 215 do 10/11/2023).

Por acordo plenario do 27 de setembro de 2024 aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025-2027.

Por acordo plenario do 03 de outubro do 2025 aprobouse a modificación de diversos apartados do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025-2027.

A partires de dita data, o dito Plan ven sufrindo constantes modificacións ao obxecto de incluír novas convocatorias ou subvencións nominativas.

Nos exercicios 2012 a 2025 tramitáronse un total 463 convocatorias, en réxime de concorrencia, cada unha delas coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv
2012	15
2013	15
2014	17
2015	19
2016	27
2017	28
2018	36
2019	39
2020	39
2021	45
2022	49
2023	45
2024	46
2025	43
TOTAL	463

No **anexo 2** se inclúe o listado das convocatorias de 2025

Se as 43 Bases de Convocatorias dirixidas a Entidades (incluíndo a Rede Cultural) lle engadimos as 19 orientadas a Concellos (incluíndo a Rede Cultural), obtemos un total de 62 Bases e Convocatorias tramitadas no exercicio 2025.

Nos exercicios 2012 a 2025, o número de subvencións outorgadas ascendeu a 46.712 o que dá unha idea aproximada dos custos que a súa xestión implica para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión provisional, definitiva, xustificación, pagos. Cada un dos trámites indicados require, á súa vez, dunha minuciosa documentación específica, dos informes e propostas preceptivos e das correspondentes resolucións, notificacións e/ou publicacións, etc.

XERCICIO	SUBVENCIONES MEDIAS 2012-2025			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	2.683,65	29.193,87	407,89	2.943,52
2013	3.072,94	37.503,24	424,66	4.187,44
2014	3.044,48	39.539,00	417,93	4.664,16
2015	3.593,30	34.432,55	419,13	4.300,13
2016	4.267,99	41.613,47	590,39	4.724,86
2017	6.554,14	45.801,32	951,52	6.624,73
2018	6.774,69	50.003,46	933,20	6.389,97
2019	6.224,57	45.058,63	965,37	5.491,78
2020	7.334,76	39.560,21	0,00	7.817,60
2021	5.171,02	46.659,06	0,00	5.468,39
2022	5.641,93	50.722,94	1.014,26	5.506,18
2023	7.050,34	52.110,81	900,55	6.553,67
2024	6.276,49	84.950,98	842,22	6.165,99
2025	8.668,67	54.997,06	820,68	7.989,86
TOTAIS	2.188,08	42.780,41	728,92	5.037,77

Aos efectos de non distorsionar os datos dos expedientes tramitados no 2025 en relación con exercicios anteriores, se excluiron os datos relativos a Merca na Vila que ascenderon a 65.616.

CONCEPTO	TOTAL SUBVENCIONES 2012- 2025		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
CONCORRENCIA+NOMINATIVAS+MERCA NA VILA	267.553.541,43 €	46.712	5.727,73 €
MERCA NA VILA	3.569.830,00 €	65.616	54,40 €
TOTAIS	271.123.371,43 €	112.328	2.413,68 €

A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia e dos concellos, o que require da necesaria coordinación nos seguintes aspectos:

- No obxecto subvencionable
- Nas achegas públicas concorrentes.
- Nos criterios de concesión.
- No sistema de xustificación.
- Na homoxeinización da tramitación administrativa requirida dos destinatarios : solicitude e documentación xustificativa.

A necesidade de coordinación é consecuencia de tres circunstancias relevantes:

- 1º.- A simplificación e racionalización administrativa: Coordinar e homoxeneizar as solicitudes, tramitación e xustificación suporá unha significativa redución do custe administrativo de xestión, tanto para as administracións concedentes como para os destinatarios da acción de fomento.
- 2º.- No proceso de control financeiro de subvención unha das principais infraccións detectadas é a non declaración de tódolos ingresos obtidos para a mesma finalidade.
- 3º.- A existencia de convocatorias concorrentes con outras Administración públicas require que as bases correspondentes establezan criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as formas de delimitar a súa aplicación.

Os mesmos criterios de compatibilidade/incompatibilidade e as súas delimitacións requírense naquelas convocatorias da propia Deputación que se dirixan aos mesmos destinatarios potenciais.

A inexistencia de criterios de compatibilidade/incompatibilidade pode dar lugar a supostos nos que o financiamento concorrente alcance ou supere o 100% do gasto subvencionable.

O importe medio das subvencións outorgadas con este procedemento (2012-2025) foi de 7.989,86 € importe moi inferior á media das subvencións nominativas outorgadas, que ascendeu 54.997,06€ Nalgunhas convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto, os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

EXERCICIO	EXPEDIENTES TRAMITADOS 2012-2025			
	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	RED CULTURAL	TOTAL
2012	1.779	69	532	2.380
2013	1.779	117	509	2.405
2014	1.640	134	475	2.249
2015	1.985	108	477	2.570
2016	1.865	76	472	2.413
2017	2.036	60	389	2.485
2018	1.949	55	577	2.581
2019	2.386	32	666	3.084
2020	2.038	31	0	2.069
2021	5.402	39	0	5.441
2022	5.405	25	415	5.845
2023	3.728	25	529	4.282
2024	4.733	31	557	5.321
2025	2.973	44	570	3.587
TOTAIS	39.698	846	6.168	46.712

Aos efectos de non distorsionar os datos dos expedientes tramitados no 2025 en relación con exercicios anteriores, excluíronse os datos relativos a Merca na Vila . Incluindo ditos datos os importes serían os seguintes:

CONCEPTO	TOTAL SUBVENCIONES 2025		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
CONCURRENCIA+NOMINATIVAS+RC	28.659.616,17 €	3.587	7.989,86 €
MERCA NA VILA	3.569.830,00 €	65.616	54,40 €
TOTAIS	32.229.446,17 €	69.203	465,72 €

A composición das Comisións de Valoración definidas nas bases xerais das convocatorias tramitadas nos exercicios 2018 e 2025 foron obxecto de adecuación ás consideracións contidas nos informes preceptivos da Secretaria e a Intervención de exercicios anteriores, e están conformadas por persoas expertas nas materias obxecto de cada convocatoria.

Nas Bases de convocatorias de subvencións do exercicio 2025 se incluíron previsións sobre as obrigas de publicidade polos beneficiarios que deben ser obxecto dunha adecuada reflexión para garantir a proporcionalidade das mesmas, e evitar as incidencias que a verificación de dichas obrigas de publicidade están xerando.

Debido ao elevado número de convocatorias que se están a tramitar, como xa se indicou un total de 62, no exercicio 2025 se continuou co esforzo por homologar o contido de todas as bases, de modo que o mesmo non fora contradictorio entre as distintas unidades xestoras ou mesmo dentro das mesmas unidades xestoras. A estes efectos, se actualizou o modelo inicial único de bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación da Coruña , que foi aprobado por resolución da Presidencia nº 48073 de data 16 de novembro de 2022 (BOP núm 224 do 25/11/2022) .

A experiencia obtida deste proceso durante o exercicio 2022, e que se reiterou nas bases do 2023 e 2024 xustificou a necesidade de continuar con este esforzo de homologación, de modo que a tendencia fora ampliar o contido do modelo único de bases xerais, deixando as específicas coas mínimas previsións e obrigas diferenciais das distintas convocatorias.

Seguindo nesta traxectoria, no 2024 modificouse a Ordenanza Xeral de Subvencións incluíndo o contido das bases xerais de convocatorias.

No 2025, continuando coa liña de normalización e simplificación na tramitación de subvencións, aprobouse (BOP núm. 185 do 29 de setembro de 2025) un novo texto da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña de xeito que se integraron na ordenanza as disposicións que habitualmente se viñan recollendo nas bases de execución do orzamento e o que estaba regulado na base xeral única das convocatorias de concorrencia

Por outro lado, é necesario insistir na necesaria programación da actividade de fomento provincial,(apartado VIII.6) en aras de lograr que as convocatorias se tramiten nos meses de novembro e decembro do ano anterior, as concesións se concentren no primeiro trimestre de cada exercicio. De este modo, as entidades beneficiarias poden realizar as actividades ou inversións no segundo trimestre, e finalmente xustificar e tramitar o pago correspondente no último trimestre da anualidade correspondente.

VIII.3.b).- Consideracións sobre as subvencións nominativas a entidades sen ánimo de lucro.

En relación coas subvencións nominativas tramitadas no período obxecto de análise a favor de entidades, e persoas físicas ou xurídicas privadas, poden realizarse as seguintes consideracións:

En algunha das subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro non se acreditaron, as razóns que non permitían o seu outorgamento a través dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, a xuízo do servizo de fiscalización.

Como se pode comprobar, a maior parte das subvencións nominativas outorgadas refírense a investimentos ou actividades de carácter cultural, deportivo, de servizos sociais ou promoción económica que coinciden no seu obxecto e destinatarios con convocatorias públicas de subvencións tramitadas en réxime de concorrência competitiva pola propia Deputación provincial, polos distintos órganos da Comunidade Autónoma ou polos concellos da provincia. Non consta a realización das tarefas orientadas á adecuada coordinación, colaboración ou cooperación coas restantes administracións públicas e tomar en consideración a posible concorrência de subvencións públicas para a mesma finalidade (no momento da valoración da solicitude e con motivo da xustificación correspondente).

O importe da subvención provincial outorgada e o coeficiente de financiamento resultante non responde a criterios obxectivos adecuadamente expostos ou motivados nos expedientes tramitados.

Algunhas entidades foron obxecto de subvención nominativa provincial en varios exercicios, de forma anual, para o mesmo obxecto: actividade deportiva, cultural e outras. No **anexo nº 10** recóllese o detalle e o importe das subvencións outorgadas a cada entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1/1/2025 e o 31/12/2025.

Como xa se indicou no apartado anterior, o importe medio das subvencións nominativas outorgadas no período considerado (2012-2025) ascendeu a 54.997,06€. Hai que reiterar que neste apartado o importe medio das subvencións concedidas no mesmo período en réxime de concorrência foi de 7.989,86€ excluído o efecto de Merca na Vila.

Ante a concorrência de subvencións outorgadas para as mesmas finalidades por distintas administracións públicas resulta imprescindible a necesaria coordinación entre elas, para dar, así, cumprimento aos obxectivos propostos no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia para as Deputacións provinciais e evitar os efectos da concorrência efectiva de distintas subvencións públicas á mesma entidade para a igual finalidade.

A forma normal de outorgamento das subvencións públicas prevista no ordenamento xurídico é a de concorrência competitiva, conforme os principios de publicidade, concorrência, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados. A este respecto hai que indicar neste apartado que a tramitación e a aprobación de Bases específicas para proxectos singulares nas áreas de Cultura, Deportes e Desenvolvemento territorial e Medio Ambiente permite que se reduciра significativamente o número e a contía das subvencións nominativas tramitadas en exercicios anteriores, aínda que volveu a incrementarse no exercicio 2025. Esta circunstancia queda reflectida no **Anexo 15** do presente informe.

A non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe ou do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución Española, no artigo 54 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas, e por tanto, pode constituír un dos supostos recolleitos no artigo 216.2.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación correspondente e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas Entidades e nas actividades ou investimentos subvencionados para a non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da

subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento, en todo caso, e especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda máis, cando ascenda ao 100% do orzamento do investimento ou da actividade obxecto de subvención.

Neste apartado resulta particularmente significativo o carácter recorrente dalgunhas subvencións nominativas outorgadas anualmente a determinadas entidades, tal e como se recolle no **Anexo 10** do presente informe.

A coincidencia do obxecto e finalidade dalgunhas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia con outras outorgadas nominativamente require dunha análise singular orientada a evitar as desigualdades que esta circunstancia pode xerar e a incluír a totalidade das subvencións tramitadas no procedemento de concorrencia competitiva coas previsións e consideracións que procedan nas Bases de convocatoria para asegurar os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade, sen prexuízo de tomar en consideración de forma obxectiva e adecuadamente ponderada as particularidades relevantes xuridicamente dos posibles beneficiarios.

Os convenios-tipo aprobados para a tramitación de subvencións nominativas requiren dunha redacción que permita incorporar o Control de Calidade das obras ou investimentos financiados, a tramitación dos contratos externos conforme os criterios da normativa de contratos do sector público, a participación dos técnicos provinciais nas comisións avaliadoras das ofertas nos procesos de contratación nas recepcións de obras ou investimentos e outras medidas orientadas a garantir a legalidade e eficacia na acción desenvolvida polas entidades beneficiarias.

VIII.3.c).- Consideracións sobre as subvencións en réxime de publicidade e concorrencia dirixidas a entidades con ánimo de lucro.

Entre os programas de subvencións en **réxime de concorrencia** incluíronse seis convocatorias nas que poden participar **entidades xurídicas con ánimo de lucro co seguinte detalle:**

UNIDADE TRAMITADORA	CONVOCATORIA	
CULTURA (2)	FO223	Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025. (Inclúe Concellos e entidades con e sen ánimo de lucro)
	FO301	Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025
PEL (4)	PEL-AUTONOMOS/AS	Programa de axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas
	PEL-EMPRENDE INVEST	Programa de axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables
	PEL-PEMES CRE/AMP	Programa de axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas
	PEL-PEMES/MANT	Programa de axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas e microempresas

A evolución destas convocatorias dende o ano 2020 ao 2025 no que se refire ao número de subvencións concedidas é o seguinte:

NºEXPTEDIENTES CONCEDIDOS POR CONVOCATORIA	2020	2021	2022	2023	2024	2025
PEL REACTIVA II (HOSTELERÍA)	0	2645	0	0	0	
PEL MUR- COMB_SUBM	0	0	1666	0	0	
PEL PEMES CREA E AMP	182	412	381	326	339	312
PEL PEMES MANTENIMIENTO	56	86	167	218	150	121
PEL EMPRENDE INVERSIÓN	238	397	598	491	427	302
PEL AUTÓNOMOS	0	252	877	933	2108	504
FO300 – PROXECTOS SINGULAR.	21	30	22	25	0	0
FO301 – AUDIOVISUAL	6	8	15	15	14	13
FESTIVAIS MUSICAIS					9	11
VEPEL REDE COWORKING	0	0		1	2	0
DP-CERCO	0	0	0	0	47	0
TOTAL	503	3830	3733	2013	3096	1263

Polo que respecta aos importes concedidos, os datos son os que se indican:

CONVOCATORIA	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025	DIFERENCIAS 2025-2024
PEL REACTIVA II (HOSTELERÍA)	0,00 €	3.967.500,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
PEL MUR- COMB_SUBM	0,00 €	0,00 €	4.998.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	
PEL PEMES CREA E AMP	2.248.264,31 €	5.398.088,53 €	3.498.861,19 €	3.491.644,62 €	3.997.030,20 €	3.510.571,20 €	-486.459,00 €
PEL PEMES MANTENIMIENTO	516.368,20 €	864.306,36 €	1.554.056,01 €	1.959.376,60 €	1.318.512,94 €	1.195.834,38 €	-122.678,56 €
PEL EMPRENDE INVERSIÓN	1.859.144,16 €	3.444.339,48 €	3.753.388,72 €	3.763.486,96 €	3.942.070,69 €	2.758.778,28 €	-1.183.292,41 €
PEL AUTÓNOMOS	0,00 €	494.038,26 €	2.030.200,00 €	2.170.800,00 €	4.942.445,83 €	1.198.400,00 €	-3.744.045,83 €
FO300 – PROXECTOS SINGULAR.	250.349,74 €	360.077,37 €	271.718,97 €	279.241,50 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
FO301 – AUDIOVISUAL	116.156,01 €	111.352,67 €	124.989,00 €	131.300,81 €	146.640,79 €	146.368,91 €	-271,88 €
FESTIVAIS MUSICAIS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	149.970,00 €	174.250,00 €	24.280,00 €
REDE COWORKING	0,00 €	0,00 €	0,00 €	9.150,00 €	40.950,00 €		-40.950,00 €
DP-CERCO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	588.606,88 €	0,00 €	-588.606,88 €
TOTAIS	4.990.282,42 €	14.639.702,67 €	16.231.213,89 €	11.805.000,49 €	15.126.227,33 €	8.984.202,77 €	-6.142.024,56 €

Como pode observarse na táboa anterior, no exercicio 2025 houbo unha considerable diminución dos fondos aplicados ao PEL con respecto a exercicios anteriores, derivada basicamente dos seguintes motivos:

- Da concesión noutros exercicios de convocatorias específicas como o PEL REACTIVA II HOSTELERÍA de carácter extraordinario da convocatoria para 2021, o PEL MUR-COMBUSTIBLES-SUMINISTROS, extraordinaria da convocatoria para 2022, o DP CERCO no exercicio 2024, así como o PEL AUTÓNOMOS do que se aprobaron dúas convocatorias no 2024.
- A efectiva diminución de fondos noutras convocatorias como PEL PEMEX O PEL EMPRENDE.
- A achega de fondos por importe de 6.000.000,00€ para Merca na Vila dos que se concederon 3.569.830,00€.

Na seguinte táboa se recolle o resumen dos datos do exercicio 2025 :

ENTIDADES	TOTALES	
	Nº EXP.	IMPORTE
Sin ánimo de lucro	1.710	16.787.756,77
Con ánimo de lucro	1.263	8.984.202,77
Totais	2.973	25.771.959,54

Neste apartado debe facerse mención as seguintes consideracións:

- A apreciación no exercicio 2019 de dificultades na fiscalización e control financeiro no obxecto subvencionable de actividades , nos conceptos de estudos, informes e deseño de páxinas web de internet, convertíu estes conceptos en áreas de risco evidentes. A partires do exercicio 2020 non se convocaron subvencións para actividades con estes conceptos subvencionables.
- A non coordinación con outras Administracións Públicas, singularmente coa Xunta de Galicia, da lugar a numerosos supostos de concorrencia, que requiren do establecemento de criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade, que garantan as normas de xeral aplicación : límite da regra de "minimis" e adicionalidade (garantía dunha achega mínima con fondos propios da beneficiaria).
- Nas convocatorias da propia Deputación faise necesaria a determinación dos criterios e condicións de compatibilidade/incompatibilidade.
- Por todas as razóns expostas, requírese unha valoración das condicións de xustificación das subvencións dirixida a entidades con ánimo de lucro.

Ao propio tempo, a Intervención provincial incluírá un apartado singular no Plan de Control Financeiro de subvencións para poder verificar as "áreas de risco " e as particularidades das subvencións outorgadas a entidades privadas con ánimo de lucro.

VIII.4.-Consideracións sobre outras acción de fomento a favor de persoas o entidades privadas.

Aínda que no exercicio 2025 tampouco se realizaron prácticas formativas, resulta conveniente reiterar o manifestado polos servizos de xestión de recursos humanos e de fiscalización nos informes emitidos ao respecto :

- As bolsas deben estar amparadas en Convenios formalizados coas autoridades educativas competentes.
- Deben referirse a programas formativos detallados expresamente polas Universidades.
- Deben contar cun titor designado pola Universidade e outro pola Deputación con criterios de idoneidade técnica.
- Deben ser obxecto de avaliación periódica polas titorías designadas aquelas cuestións que se indiquen no programa formativo correspondente.
- Debe motivarse a súa duración do período de prácticas no programa formativo, coa especificación da duración atribuída a cada acción formativa nel contemplada.

Nos Convenios que se tramiten deben recollerse detallada e motivadamente tódolos aspectos indicados anteriormente e corresponderá as titorías garantir que as actividades que se leven a cabo polos bolseiros teñan carácter exclusivamente formativo.

VIII.5.- Necesidade de actualizar e mellorar o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial

Para dar cumprimento as especificacións do propio Plan Estratéxico aprobado, resulta necesario, urgente e inaprazable a convocatoria da Comisión de Seguimento para a avaliación das accións que o integran.

Os obxectivos do **seguimento e avaliación** do Plan Estratéxico de Subvencións contéñanse no seu apartado 6.1, nos seguintes termos :

Os obxectivos do seguimento e avaliación do PES/DAC céntranse polo tanto en:

- "- Modificar, actualizar ou suprimir as actuacións de fomento que puideran ter perdido a súa vixencia ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos pretendidos.
- Actualizar os importes das que se manteñan en base aos orzamentos anuais aprobados.
- Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias debido á detección de novas necesidades que, en todo caso, estean orientadas á consecución dos obxectivos previamente establecidos ."

En relación coa súa **actualización**, o propio Plan establece no apartado 6.2, do seu texto normativo:

"O PES/DAC, polo seu **carácter programático** e de previsión, está supeditado ás circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do **seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas** se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.

En calquera caso, as modificacións deberán axustarse á lei, ás bases de execución orzamentaria da deputación, á realidade social existente en cada momento e fundamentalmente aos orzamentos do correspondente exercicio. E, en ningún caso, estas modificacións poderán prexudicar os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións xa recoñecidas e que tivesen desenvolvido as prestacións comprometidas coa Deputación.

As modificacións efectuadas durante o desenvolvemento deste PES/DAC 2020/2022, serán aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación.

Do mesmo xeito, o PES/DAC poderá ser obxecto de modificación se do seu estudo se evidenciara a conveniencia de incentivar certas actuacións de fomento, para acadar un maior grao de cumprimento dos obxectivos propostos. "

Neste sentido, convén recordar o teor literal do artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións :

*"1. Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los **objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación**, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria.*

2. *Cuando los objetivos que se pretenden conseguir afectan al mercado, su orientación debe dirigirse a corregir fallos claramente identificados y sus efectos deben ser mínimamente distorsionadores.*

3. *La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:*

- a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.*
- b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.*
- c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos."*

Por outra banda, a aprobación das diferentes Convocatorias posteriores a versión inicial do citado Plan Estratéxico requiren a súa valoración e actualización.

As consideracións recollidas no presente informe, as modificacións na normativa estatal e autonómica acaecidas, e o informe do Consello de Contas sobre os criterios de repartición de recursos entre Concellos a través dos Plans Provinciais e a eficiencia do gasto nas lexislaturas de 2003 a 2019, aconsellan a reflexión necesaria para a actualización do vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial 2020-2022.

O Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial 2020-2022 foi prorrogado por acordo plenario nº 61 do 22 de decembro de 2022 para o exercicio 2023. Así mesmo, foi novamente prorrogado para o exercicio 2024 por acordo nº 62 de 27/10/2023 (BOP 215 do 10/11/2023).

Por acordo plenario do 27 de setembro de 2024 aprobouse o Plan Extratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025-2027.

Por acordo plenario do 03 de outubro de 2025 aprobouse a modificación de diversos apartados do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2025-2027.

A partires de dita data, o dito Plan ven sufrindo constantes modificacións ao obxecto de incluír novas convocatorias ou subvencións nominativas, ademais de novas convocatorias.

Por outra banda, requírese que o Plan Estratéxico de Subvencións non se limite a ser un mero catálogo ou inventario das convocatorias. Por iso faise necesario incorporar ao Plan, e para cada convocatoria prevista nel :

- Indicadores obxectivos dos resultados anuais.
- O seguimento dos obxectivos establecidos coa finalidade de avaliar o logro dos resultados esperados.
- Unha Memoria Anual de execución do Plan na que se examine o grado de cumprimento dos obxectivos estratéxicos establecidos, se analicen as adecuacións necesarias e se propoñan as medidas correctoras oportunas.

Acompáñase como **Anexo 20** a "Guía Xeral para a elaboración, seguimento, control e avaliación e publicidade dos Plans Estratéxicos de Subvencións " da Intervención Xeral do Estado, do Ministerio de Facenda.

VIII.6.- Necesidade de programación e coordinación da acción de fomento provincial

Nos últimos exercicios véñense incrementando o número de convocatorias de subvencións, tal e como se reflexa no seguinte cadro, no que se pode observar que nun período de dez anos duplicouse o seu número:

Ano	Nº Conv
2012	31
2013	31
2014	35
2015	19
2016	50
2017	40
2018	48
2019	52
2020	53
2021	59
2022	63
2023	62
2024	63
2025	62
TOTAL	668

O incremento no numero de convocatorias implica o conseguinte aumento no número de expedientes a tramitar, tanto no que se refire a aprobación das correspondentes bases, como das concesións e posterior xustificación. Este volume ponse de manifesto no presente informe e nos anteriores emitidos dende o exercicio 2012.

Todo isto implica a necesidade de programar e organizar os procedementos administrativos de modo que permitan axilizar os tempos na tramitación. Neste camiño, comezouse no ano 2022 por simplificar e unificar as bases das diversas convocatorias, o que culminou coa aprobación dunha base xeral única.

No exercicio 2023 continuouse con este proceso co obxectivo de axilizar a tramitación das convocatorias do 2024, adiantando a aprobación das bases das convocatorias e establecendo un calendario para a tramitación da concesión da maioría das convocatorias no primeiro cuadrimestre do 2024. É dicir, tratar de axustar os tempos ao ano natural, e evitar a concesión de subvencións no último trimestre do exercicio como ven sucedendo nos últimos anos, o que está a implicar tempos de xestión moito máis amplos.

Con este obxectivo, no último trimestre do 2023 fóronse tramitando as bases das convocatorias do 2024, ao mesmo tempo que se tramitaban concesións do 2023 e as xustificacións do 2022 e 2023.

No 2024 modificouse a Ordenanza Xeral de Subvencións incluíndo o contido das bases xerais de convocatorias

No 2025, continuando coa liña de normalización e simplificación na tramitación de subvencións, aprobouse (BOP núm. 185 do 29 de setembro de 2025) un novo texto da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña de xeito que se integraron na ordenanza as disposicións que habitualmente se viñan recollendo nas bases de execución do orzamento e o que estaba regulado na base xeral única das convocatorias de concorrencia.

Neste senso, na seguinte táboa recóllense os tempos de tramitación dos expedientes das bases e das concesións definitivas das convocatorias de 2025:

	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes		Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego		Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica		Sección de normalización lingüística		Resumo	
Datas	Bases publicadas	Concesión definitiva aprobada	Bases publicadas	Concesión definitiva aprobada	Bases publicadas	Concesión definitiva aprobada	Bases publicadas	Concesión definitiva aprobada	Bases publicadas	Concesión definitiva aprobada
Último trimestre 2024	27		15		9		1		52	
Primeiro trimestre 2025	1	9		6	4	5		1	5	21
Segundo trimestre 2025	1	13		6		5			1	24
Terceiro trimestre 2025		6		3		3				12
Cuarto trimestre 2025		1			1	1			1	2
Totais	29	29	15	15	14	14	1	1	59	59

O total de convocatorias no 2025 foi de 62, das cales se tramitaron as 59 indicadas na anterior táboa, as que habería de engadir as dúas da Rede Cultural (Concellos e entidades) e a DP-0046 “Programa extraordinario a Concellos para realizar actuacións de investimentos e conservación na Rede Viaria Municipal no ano 2025” , que se atopa pendente de conceder.

Por último, insístease na necesidade de continuar neste proceso de organización e planificación xa iniciado no 2022, posto que se considera imprescindible programar a actividade de fomento provincial en aras de lograr que as convocatorias se tramiten axilmente, coa finalidade de ter concedidas a maioría das convocatorias no primeiro cuadrimestre do exercicio. Ademais, tamén se considera necesario homoxeneizar os procedementos, así como homologar e simplificar a documentación a solicitar aos beneficiarios, o que redundará nunha redución substancial dos prazos de tramitación

Por outra banda, cabe reiterar a necesidade de coordinación na acción de fomento provincial coas da Xunta de Galicia e dos concellos nos aspectos que se consideran fundamentais como o obxecto, os criterios de concesión, o modo de xustificación, as achegas concorrentes, así como a homoxeneización da tramitación administrativa requirida aos destinatarios.

IX – RESUMO DOS DATOS MAIS RELAVANTES DA ACCIÓN DE FOMENTO

IX.1. – Acción de fomento

A acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no exercicio 2025 no que respecta a subvencións de concorrencia, nominativas e POS se resume na táboa adxunta, na que se indican o número de expedientes tramitados de concesión. Este número debe ser duplicado xa que cada un destes expedientes se tramitará unha vez mais, polo menos, coa xustificación e pago.

Se aportan os datos do exercicio 2024 a efectos comparativos, dos que se observa un substancial incremento nos datos de achegas aos concellos materializado, fundamentalmente, no POS no que se

achegaron 35.560.997,45€ mais que no 2024, e na concesión de subvencións nominativas por importe de 2.760.155,58€ mais que no exercicio anterior.

Os totais da acción de fomento de 2025 comparados con de 2024, son os seguintes:

ACCIÓN DE FOMENTO 2025								
CONCEPTO	CONCELLOS		EEDDPP		EEPRIVADAS		TOTAIS	
	Nº EXP.	IMPORTE	Nº EXP.	IMPORTE	Nº EXP.	IMPORTE	Nº EXP.	IMPORTE
CONCORRENCIA	551	15.381.003,39	16	1.181.500,00	1.710	16.787.756,77	2.277	33.350.260,16
PEL	99	3.633.560,61			1.263	8.984.202,77	1.362	12.617.763,38
REDE CULTURAL	1175	1.492.964,01	14	25.628,80	570	467.786,00	1.759	1.986.378,81
NOMINATIVAS	37	6.057.964,04	9	2.745.043,80	44	2.419.870,63	90	11.222.878,47
POS	1008	135.938.051,81					1.008	135.938.051,81
TRASNF.CORRENTES			1	5.366.701,26			1	5.366.701,26
MERCA NA VILA					65.616	3.569.830,00	65.616	3.569.830,00
TOTAIS	2.870	162.503.543,86	40	9.318.873,86	69.203	32.229.446,17	72.113	204.051.863,89
DATOS 2024	2.698	124.264.603,85	51	7.220.958,54	5.321	32.809.218,32	8.070	164.294.780,71
DIFERENCIAS 2025/2024	172	38.238.940,01	-11	2.097.915,32	63.882	-579.772,15	64.043	39.757.083,18

Dos datos expostos, entre outros, se observa que polo que se refire a entidades privadas, o importe concedido en concorrencia competitiva a entidades con ánimo de lucro (8.984.202,77€) é inferior ao das entidades sen ánimo de lucro (16.787.756,77 €),non obstante tendo en conta o importe asignado a Merca na Vila, xestionado pola mesma unidade xestora que o PEL, de 6.000.000,00€ o importe orzamentario resultante (14.984.202,77€) sería moi similar ao do exercicio 2024 que ascendeu a 15.126.227,33€.

Se ao total destes datos engadimos a achega provincial ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias , prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, as achegas totais a concellos, entidades de dereito público e privadas ascenderían a a **205.075.863,89** (204.051.863,89€+1.024.000,00€)

Relaciónanse na táboa adxunta os importes e os concellos que percibiron achegas en materia de emerxencias:

CONVENIO GES 2025-2027 IMPORTES CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2025		
Zona	Sede	IMPORTE
Zona de Santiago e A Barcala	Brión	128.000,00 €
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis	128.000,00 €
Zona de Ferrol - Eume	Mugardos	128.000,00 €
Zona de Muros e Xallas	Muros	128.000,00 €
Zona de Ortegal e Ferrol	Ortigueira	128.000,00 €
Zona do Sar e Caldas	Padrón	128.000,00 €
Zona de Bergantiños	Ponteceso	128.000,00 €
Zona Ría de Noia	Noia	128.000,00 €
Total exercicio 2025		1.024.000,00 €

IX.2.- Número de convocatorias e importe das subvencións concedidas

O total de convocatorias tramitadas no 2025 ascendeu a 62, incluíndo as dúas da Rede Cultural, de Concellos e entidades privadas.

O continuo incremento de convocatorias, de 31 do exercicio 2012 a 62 no 2025, implica un considerable aumento dos tarefas administrativas , sen que se poda derivar unha maior eficiencia na acción de fomento provincial.

Neste senso, é conveniente facer unha reflexión sobre o contido das convocatorias e a súa repercusión social tendo en conta o esforzo administrativo que require, en relación cos beneficios que poden obter os beneficiarios.

Así mesmo é preciso considerar e avaliar as causas do elevado número de expedientes anulados, ou con economía, que se están a contabilizar nos últimos exercicios e cuxa evolución consta no apartado VII do presente informe, e que no exercicio 2025 alcanzaron un total de **1.529** contabilizados, por un importe de **7.776.268,93€**. (Estes datos se refiren a expedientes contabilizados no 2025 correspondentes a diversas convocatorias e anualidades). Non obstante o montante total de anulacións e perdas de dereito e economías contabilizadas desde o ano 2020 ascende a un total de 42.719.474,84€.

Estes datos, suxiren a necesidade de reflexionar sobre os motivos das citadas anulacións, e proceder co obxecto de reducilas ao mínimo posible, de modo que a eficacia da acción de fomento provincial non quede minorada.

A este respecto, sinalar, que dos importes das subvencións concedidas non parece deducirse que se obteña, necesariamente, unha acción eficaz nos obxectivos da acción de fomento. Como dato relevante, e a modo de exemplo, se recollen na seguinte táboa o número e importe das subvencións de concorrencia concedidas a entidades sen ánimo de lucro.

No informe emitido con data 15 de abril de 2025 relativo a acción de fomento no período 2012-2024, se recollía a seguinte información sobre os importes das subvencións concedidas no 2024

Importe concedido Entidades Concorrencia	Subvenciones concedidas Entidades sen ánimo de lucro	Importe total concedido
De o a 1000 €	38	36.149,76
De 1000,01 a 2000 €	197	314.303,73
De 2000,01 a 3000€	232	629.763,60
De 3000,01 a 4000€	205	760.874,14
De 4000,01 a 5000€	227	1.077.138,59
de 5000,01 a 6000€	128	714.667,04
De 6000,01 a 10.000€	219	1.724.991,81
De 10.000,01 a 20.000 €	230	3.513.662,06
De 20.000,01 a 40.000€	137	3.666.808,36
De 40.000,01 a 100.000€	13	753.035,01
De 100.000,01 a 150.000	11	1.389.000,00
Totais	1637	14.580.394,10

Se as ditas cifras se engadían os 557 expedientes da Rede Cultural mais os 2.108 do PEL Autónomos cuxos importes concedidos non superan os 2.500€, daban un total de **3.132 expedientes** correspondentes a **subvencións concedidas de menos de 3.000,00€**, o que supoñía **un 59,206% do total de subvencións de concorrencia concedidas a entidades** no 2024 .(4.733, con e sen ánimo de lucro).

Esta tendencia continuou no exercicio 2025. Os datos relevantes sobre os importes das subvencións concedidas a **entidades privadas, con e sen ánimo de lucro**, son os que se indican a continuación:

- 1- No 2025 se concederon seis subvencións de concorrencia por importe inferior a 1.000,00€ o que contradí o estipulado nalgunha bases das convocatorias (FOCVAA):

Beneficiario	Convocatoria	Importe
ASOCIACION PRO MINUSVALIDOS CARIÑO	FOAXE-P	350,79
CLUB GR.SANTIAGO APOSTOL	FO103C	534,78
ASOCIACION EMILIA GOMEZ ADAFAD	FOIE	547,50
COORDINADORA NACIONAL DE ARTRITIS	FOCVAA	765,60
OS MENIÑOS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	FOIE	863,53
FUNDACION ECCA SOCIAL	FOIO0B	896,95
Totais		3.959,15

- 2- En canto aos importes concedidos iguais ou inferiores a 3.000,00€ foron os seguintes :

Concorrencia entidades con e sen ánimo de lucro	Nº expedientes	Importe total
Menor o igual a 1.000,00€	88	88.000,00
Menor o igual de 3.000,00€	963	2.161.471,39

Total concorrencia con e sen ánimo de lucro	2973	25.771.959,54
---	------	---------------

Porcentaxe de subvencións concedidas igual o menor 3.000€ sobre o total concedido	32,39%%	8,39%
---	---------	-------

- 3- Moitas bases de convocatorias non establecen un importe mínimo de concesión da subvención, e incluso os importes mínimos do orzamento a presentar sobre o que calcular a subvención a solicitar son inferiores a 1.000,00€ (FOIE e FOIO0B de 750,00€, e a FOAXP de 1.000,00€).

IX.3). – Tramitación administrativa da acción de fomento

Toda esta acción de Fomento, como pode derivarse do contido do presente informe, implica un enorme traballo administrativo realizado tanto polas unidades xestoras como por este Servizo de Fiscalización.

O resumo total da acción de fomento da Deputación, excluindo Bolsas, Premios e Grupos Políticos por importe de 1.887.345,96€, no exercicio 2025 se desagrega como sigue: agregados:

2025	IMPORTE	Nº EXPEDIENTES TRAMITADOS
BASES CONVOCATORIAS		61
CONCESIÓN DEFINITIVAS		61
IMPORTE TOTAL CONCEDIDO	204.051.863,89	72.113
ANULACIÓN E PERDAS DEREITO	7.776.268,93	1.529
TOTAIS	211.828.132,82	73.764

Nº EXPEDIENTES EXCLUINDO MERCA NA VILA	8.148
--	--------------

O número de expedientes sinalado non se corresponde co real tramitado xa que neles unicamente se recolle o número de expedientes concedidos , pero cada un deles precisa de un ou varios informes, xa que cada unha das convocatorias implica a redacción das bases, unha concesión provisional, e outra definitiva. Despois, a tramitación das xustificacións e ,no seu caso, as anulacións e perdas de dereito, polo que os datos reflectidos na táboa anterior non se aproximan aos datos reais, que poderían achegarse mais ao dobre do exposto; todo elo sen contar outros trámites como recursos, endosos, etc.

A todo isto é preciso engadir a tramitación solapada de convocatorias, bases e xustificacións de dúas anualidades.

X - RECOMENDACIÓNS

Unha vez postas de manifesto as cifras relativas á acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período do 2012 a 2025, das consideracións e conclusión expostas, así como da experiencia , e coñecementos adquiridos ao longo desta período, e coa finalidade de por de manifesto posibles melloras tanto na tramitación administrativa como na composición e contido da acción de fomento da Deputación para futuras anualidades, se estima procedente efectuar unha serie de recomendacións que se recollen a continuación.

X.1. Plan Estratéxico de Subvencións

A xuízo desta Intervención, o actual PES 2025-2027, debería ser reconsiderado en canto ao seu contido, aos seus obxectivos e ao seu seguimento e avaliación. Entendemos que non pode ser un mero catálogo de convocatorias que se modifica continuamente coa inclusión de novas convocatorias, sen actualizar as posibles eliminacións, así como das subvencións nominativas que se pretenden conceder.

O PES debería responder a un verdadeiro plan, con afán de continuidade sen constantes modificacións, no que se definan claramente os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo e os custes previsibles, así como o seguimento e avaliación da consecución dos obxectivos previstos. Neste suposto, as subvencións nominativas non parecen encaixar no concepto estrito dun plan estratéxico, polo que se recomenda excluílas do mesmo.

A este respecto, se considera necesario:

- Levar a cabo o seguimento previsto no propio Plan, do que non consta a celebración de ningunha reunión de avaliación da xestión realizada.
- Reconsiderar as numerosas convocatorias existentes.
- Tomar en consideración importes máximos e/ou mínimos das subvencións a outorgar.

- Considerar as razóns que motivan os importes contabilizados de anulacións e perdas de dereito.
- Establecer indicadores de resultados esperados.
- Contemplar as accións de coordinación con outras Administracións Públicas :Xunta, Concellos, etc.

X.2. Reestruturación e homoxeneización das convocatorias de concorrência

No exercicio 2012, data de inicio de elaboración do presente informe, o número total de convocatorias foi de 31. No exercicio 2025 que se está a informar, o número ascendeu a 62 (unha pendente de informar), polo tanto o número de convocatorias se duplicou en doce anos, e todo elo sen ter en conta as 11 convocatorias de concellos que foron suprimidas no ano 2017 nun proceso de racionalización e obxectivación da colaboración da Deputación cos Concellos da provincia que implicou o incremento dos créditos asignados ao POS+ coas achegas das convocatorias suprimidas, realizando unha distribución dos fondos aplicando os criterios obxectivos e transparentes do POS.

As convocatorias suprimidas foron as seguintes:

- *FO201 Cultura actividades*
- *FO202 Cultura investimentos*
- *FO101 Deportes actividades*
- *FO102 Deportes investimentos*
- *FOAYAA Promoción económica actividades*
- *FOAYIA Promoción económica investimentos*
- *DP007 Turismo actividades*
- *DP006 Turismo investimentos*
- *FOAXCA Desenvolvemento Servizos Sociais*
- *FOI00B Políticas de igualdade*
- *FO036A Envellecemento activo*

A pesares de esta supresión de convocatorias, ata a data de emisión do presente informe rehabilitaróñse ou créronse as cinco convocatorias seguintes :

REFERENCIA	DENOMINACIÓN DA CONVOCATORIA
DP0043	Programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025
FOEAC	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025
FOEAC-2	Programa II de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025
FOICV	Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal dos servizos sociais comunitarios
DP0046	Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025

A xuízo desta Intervención, o constante incremento no número de convocatorias non implica unha maior eficacia na xestión dos recursos públicos, se non máis ben todo o contrario, xa que a asignación de recursos se ven facendo sen unha adecuada programación e definición de obxectivos a acadar coas novas liñas de convocatorias que se están a incorporar.

Polo tanto, entendemos que resulta urxente a reestruturación e homoxeneización de convocatorias, que ,

por outra banda, está relacionado co exposto no apartado anterior, é dicir, a reconsideración do contido do Plan Estratéxico de Subvencións.

A maiores, e como xa se indicou no apartado anterior, debe facerse unha reflexión sobre os motivos das importantes cifras de anulacións e perdas de dereito que se están a contabilizar, por importe total de 7.776.268,93 €, o que representa o 3.78% do total da acción de fomento de 2025 que ascendeu a 205.939.209.85€.

X.3. Reorganización e simplificación de procedementos

Tendo en conta o volume de expedientes que se están tramitando, procedería unha simplificación e reorganización dos procedementos, de cara a mellorar os tempos de tramitación administrativa. Expóñense de seguido algúns exemplos de campos de actuación:

- Xestionar a Rede Cultural cun único expediente por concello. Deste xeito tramitaríanse unicamente 93 expedientes en lugar dos 1175 actuais. A este respecto, sinalar que no exercicio 2026 xa se está a tramitar nos citados termos a Rede Cultural de Concellos, incluíndo un anticipo prepagable do 60%.
- Continuar no adianto na tramitación das bases das convocatorias, o que permitirá axilizar a súa publicación e, en consecuencia a apertura dos prazos de solicitude e de concesión, de modo que o obxectivo sería ter rematadas todas as concesións no primeiro cuadrimestre do ano.
- En canto á xustificación e pago das subvencións concedidas, resulta imprescindible continuar coas melloras na eficiencia da súa tramitación, o que implica a coordinación de todos os actores implicados, é dicir, unidades xestoras, intervención e informática.

Para conseguir este obxectivo, estase avanzando no desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- ✓ Que a resolución de pago das subvencións de concorrencia non difira da proposta de pago emitida pola unidade xestora, o que permitirá que a xeración da resolución e a contabilización sexan automáticas dende a plataforma Subtel, sen que teñan que ser revisadas polo Servizo de Fiscalización, e evitando, deste modo os erros que se veñen detectando nos textos das citadas resolucións. Isto, ademais, evitará a revisión de mais de 5.000 resolucións cada ano, e o conseguinte movemento de expedientes.
- ✓ Na información da plataforma Subtel de modo que se recollan os requisitos (a modo de check-list) que deben cumprir os expedientes de cada convocatoria para poder emitir tanto unha proposta de pago como un informe favorable de intervención. Evitaranse deste xeito discrepancias innecesarias entre as unidades xestoras e intervención coa conseguinte redución nos prazos de pago.
- ✓ Con respecto as subvencións nominativas, compre realizar un esforzo para automatizar o máis posible a revisión de expedientes e emisión de informes, do mesmo xeito que se están a tramitar en concorrencia.

X.4. Subvencións nominativas

Polo que respecta aos **concellos**, insistir en que a acción de fomento provincial debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, evitando calquera tipo de discriminación como é a concesión de subvencións nominativas para a realización de obras, que poderían incluírse no POS+, ou de actividades das que estaban incluídas nas convocatorias suprimidas e cuxas achegas se incorporaron no POS+.

En todo caso, como xa se indicou anteriormente, se suxire a tramitación dunha convocatoria de

subvencións dirixidas a concellos para proxectos de singular interese provincial que non poidan incluírse no Plan Único de Obras e Servizos (POS) para que a través de criterios obxectivos se permita garantir os principios constitucionais de publicidade, concorrência, igualdade, non discriminación, obxectividade e interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos.

Polo que se refire as **entidades privadas**, debe evitarse a concesión de subvencións nominativas que non teñan un carácter excepcional e nas que non se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que deberían estar debidamente xustificadas no expediente.

A este respecto sinalar, que non poden seguir concedéndose subvencións nominativas aos mesmos beneficiarios, polas mesmas actividades, e con carácter recorrente nas distintas anualidades, como ven sucedendo, xa que non se pode xustificar a excepcionalidade dunha conduta habitual e repetitiva.

Por outra banda, é preciso incluír no texto dos convenios determinadas garantías con respecto as concesións de subvencións nominativas que financien obras ou gastos de persoal.

En concreto para a realización de obras, previamente a súa concesión, deberá acreditarse polos servizos técnicos provinciais a idoneidade do proxecto presentado, así como, na fase de xustificación, a adecuación das certificacións de obra emitidas ao proxecto presentado. Así mesmo, no texto do convenio deben introducirse as condicións de que a adxudicación das obras se realice de acordo coas normas da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, en correlación coas exixencias do resto das solicitudes de concellos e entidades de dereito público.

Polo que respecta as subvencións nas que se financien gastos de persoal, nos que se precise unha selección previa para a súa execución, deberá acreditarse no expediente que o mesmo foi seleccionado de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

X.5. Avaliación da acción de fomento en relación cos importe das subvencións

Como xa se indicou no apartado anterior as subvencións concedidas a entidades privadas cun importe inferior a 3.000,00€, ascenderon a **3.132 expedientes**, o que supón **un 59,206% do total de subvencións de concorrência concedidas a entidades** (4.733, con e sen ánimo de lucro) no 2024.

Tal e como xa se expuxo ,no 2025 as subvencións concedidas , en concorrência, por importe igual ou inferior a 3.000,00€ foron 963 (o 32.39% do total de expedientes) por un importe total de 2.161.471,39€ (o 8.39% do total concedido) sobre un total de 2.973 expedientes e un total concedido de 25.771.959,54€.

Os expedientes concedidos iguais o inferiores a 1.000.00€ foron 88 cun importe concedido de 88.000,00€

Entendemos que estas cifras deberían conducir a unha avaliación da acción de fomento da Deputación, e o do que se pretende fomentar con estas cantidades, se unha verdadeira acción de fomento ou a concesión de subvencións a todos os solicitantes, independentemente do importe solicitado. Neste senso, convén realizar unha reflexión sobre o efecto de fomento de subvencións de hasta 1.000,00€ ou de hasta 3.000,00€. De acordo con disposto na Lei 38/2023, Xeral de Subvencións, as subvencións deben ter como obxecto o o fomento de actividades de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública, polo que debería avaliarse se os importes que se están a conceder cumpren cos citados requisitos.

Ademais, debería terse en conta o custe administrativo de tramitación destes expedientes en relación cos beneficios que poden obter os beneficiarios.

Por todo elo, e co obxecto de mellorar os tempos de tramitación e a eficiencia administrativa, así como a efectividade da acción de fomento provincial, sería aconsellable establecer, tanto no orzamento como o importe das subvencións a conceder un mínimo por debaixo do cal non se admitirían solicitudes nin se concedería subvención algunha.

Estes mínimos deberían establecerse tanto nas bases específicas como na Ordenanza Xeral de

Subvencións, co fin de garantir unha acción de fomento efectiva que entendemos non se está a lograr con subvencións inferiores a 1.000,00€ ou, no seu caso, 3.000,00€.

X.6. Necesidade de coordinación con outras administracións públicas.

Tal e como xa se ven expoñendo neste informe e noutros emitidos por esta Intervención, resulta imprescindible e urxente a coordinación con outras administracións públicas, tanto coa Xunta de Galicia como cos Concellos, xa a maior parte dos programas de subvencións tramitados pola Deputación tamén están recollidos na acción de fomento estas entidades.

Esta coordinación implicaría unha simplificación e racionalización administrativa necesarias para todas as administracións, así como conseguir unha maior eficiencia na distribución dos fondos públicos, e que os mesmos se utilicen en coherencia con obxectivos e fomento de actividades concretas que se pretendan, sen duplicar solicitudes e , consecuentemente , achegas de diversas administracións para a mesma finalidade, complicando, mais si cabe a xestión coa necesidade de comprobar a existencia de concorrencia de ingresos.

O exposto recolle, en síntese, a opinión dos informantes que se pon de manifesto á Presidencia da Corporación provincial para os efectos que considere oportunos.

A Coruña, 26 de maio de 2026

A Xefa do Servizo de Fiscalización
M^a Dolores Velo Fuentes
(asinado dixitalmente)

O Interventor Xeral
José Manuel Pardellas Rivera
(asinado dixitalmente)